



Concello de Moaña

Expediente núm.: 1457/2024

Procedemento: Contratacións

Serie documental: S0269 - Contratacións de servizos por procedemento aberto

Asunto: Contratación do servizo para o acceso a un software especializado na administración local que facilite a xestión integral de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica CLOUD (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software AS A SERVICE – SAAS)

Documento: Memoria órgano xestor (concellería delegada de persoal)

Trámite: Xustificación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato, da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da insuficiencia de medios e da elección do procedemento e da análise económico do contrato (art. 28, 116.3 da LCSP e 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira)

MEMORIA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE PERSOAL XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DO SERVIZO PARA O ACCESO A UN SOFTWARE ESPECIALIZADO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL QUE FACILITE A XESTIÓN INTEGRAL DE NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD (OU NUBE), BAIXO A MODALIDADE DE PAGO POR USO (SOFTWARE AS A SERVICE – SAAS)

1.- Antecedentes. Descrición da situación actual. Necesidades a satisfacer e Insuficiencia de medios .-

A. Antecedentes. Descrición da situación actual

O Concello de Moaña dispón en propiedade actualmente dunha solución de xestión de Recursos Humanos instalada nos servidores do Concello, Ginpix7, que integra toda a información que xestiona o servizo de persoal coa finalidade de axilizar o seu traballo diario, asegurando o cumprimento das obrigacións legais pertinentes.

Neste sentido, é necesario que a organización administrativa do Concello de Moaña se adecúe aos instrumentos organizativos e técnicos que a actual sociedade da información puxo ao seu alcance. En consecuencia, é necesario levar a cabo unha xestión innovadora e tecnicamente avanzada do capital humano do Concello, polo que se fai necesario cambiar o modelo de explotación do actual programa informático para a xestión integral dos recursos humanos, a un modelo SaaS (Software as a Service) para a xestión de RRHH e nóminas e dotar ao servizo de recursos humanos do Concello dunha solución modular, aberta e flexible.

Ante a evolución e a tendencia da tecnoloxía e o máximo aproveitamento do software, faise necesaria a contratación do servizo de acceso a un software especializado na Administración Local que facilite a xestión integral de Nómina e Recursos Humanos do Concello de Moaña baixo unha plataforma tecnolóxica cloud certificada ou nube, para albergar con seguridade a base de datos dos empregados públicos, permitindo unha mellora na accesibilidade e a dispoñibilidade do sistema, nos termos indicados no informe núm. 2024-0106 da técnica de recursos humanos do servizo de Persoal deste concello do 6 de maio de 2024 (csv: 69HTT6T7WHNJ73KKKLT4Q7NAX Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>)

B. Insuficiencia de medios e necesidades a satisfacer





Concello de Moaña

O artigo 30.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público- LCSP- sobre a execución directa de prestacións pola Administración Pública coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados dispón:

“La prestación de servicios se realizará normalmente por la propia Administración por sus propios medios. No obstante, cuando carezca de medios suficientes, previa la debida justificación en el expediente, se podrá contratar de conformidad con lo establecido en el Capítulo V del Título II del Libro II de la presente Ley.”

O artigo 116.4.f) da LCSP esixe a incorporación aos expedientes de contratación administrativa de servizos de informe de insuficiencia de medios.

A xestión de nóminas do persoal funcionario do Concello de Moaña realízase a través do software destinado á xestión de nóminas e RRHH identificado no informe da Técnico de RR.HH referenciado no antecedente 1º desta Memoria.

O uso desta aplicación trae consigo de maneira obrigatoria, contar co servizo de mantemento para poder facer un uso eficiente da aplicación co correspondente mantemento lexislativo, correctivo e evolutivo aplicado á xestión do ciclo de nómina e ás funcionalidades de recursos humanos e ademais resolver todas as posibles dúbidas que poidan xurdir no manexo desta, necesitando un soporte permanente .

Para o seu correcto funcionamento, faríase necesaria a supervisión e o asesoramento de profesionais coñecedores da aplicación e expertos no seu correcto funcionamento, atendendo ás características específicas que posúe.

O concello carece de persoal técnico para a realización do obxecto do contrato que se propón celebrar. Por tanto, ao non dispoñer dos medios persoais e materiais precisos, faise necesario iniciar un procedemento de contratación externa

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público –en diante LCSP-, xustifícase a necesidade, da celebración do contrato no informe núm. 2024-0106 da técnica de recursos humanos do servizo de Persoal deste concello do 6 de maio de 2024 (csv: 69HTT6T7WHNJ73KKKLT4Q7NAX Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>).

O informe do servizo considera necesario que a organización administrativa do Concello de Moaña se adecúe aos instrumentos organizativos e técnicos que a actual sociedade da información puxo ao seu alcance. En consecuencia, é necesario levar a cabo unha xestión innovadora e tecnicamente avanzada do capital humano do Concello, polo que se fai necesario cambiar o modelo de explotación do actual programa informático para a xestión integral dos recursos humanos, a un modelo SaaS (Software as a Service) para a xestión de RRHH e nóminas e dotar ao servizo de recursos humanos do Concello dunha solución modular, aberta e flexible.

O citado informe indica, entre outros:

(...) Faise necesaria a contratación do servizo de acceso a un software especializado na Administración Local que facilite a xestión integral de Nómina e Recursos Humanos do Concello de Moaña baixo unha plataforma tecnolóxica cloud certificada ou nube, para albergar con seguridade a base de datos dos empregados públicos, permitindo unha mellora na accesibilidade e a dispoñibilidade do sistema.

Para optimizar os recursos humanos do concello necesitamos que a xestión da nómina estea enlazada automaticamente de forma mensual coa contabilidade SICAL actual.





Concello de Moaña

O Concello de Moaña tampouco dispón dunha solución de software que permita realizar un histórico da RPT ou catálogo de postos, realizar as simulacións do Capítulo I ou achegar indicadores de xestión para a análise e a toma de decisións en materia laboral (Cadro de Mando de RRHH); sendo importante poder realizar o cálculo retributivo en base á Estrutura Organizativa, Postos e Prazas. Esta funcionalidade requirida permitirá definir e soportar de forma dinámica o ciclo de vida da estrutura de Postos e Prazas, conservando trazabilidade sobre o histórico da información e obtendo un rexistro de todas as modificacións que sufrise.

Así mesmo, para continuar co correcto funcionamento destes servizos é necesario contratar o servizo de mantemento, asistencia técnica e actualizacións de software que garantan a mellora e adecuación dos sistemas xestionados, adaptándoos tanto á lexislación vixente en cada momento como aos cambios tecnolóxicos e/ou funcionais.(...)

Esta contratación facilitará unha xestión completa e integral dos recursos humanos do concello baixo o soporte seguro dunha plataforma tecnolóxica cloud ou nube que permita albergar con seguridade a base de datos dos empregados da entidade, orientarse a unha legal e correcta xestión e tramitación do proceso administrativo do cálculo de nómina e contratación, que cumpra á súa vez coa legalidade vixente en materia de protección de datos e xestión de recursos humanos e, ao mesmo tempo, optimice e libere tempo e recursos da corporación, grazas á completa integración co resto de funcionalidades do software que se require na área de Persoal para realizar correctamente dun lado, a xestión ordinaria de nómina e incidencias mensuais e, por outra, a necesaria planificación de recursos humanos que se require a curto, medio e longo prazo, así como de dispoñer de servizos e solucións integradas para que a xestión da nómina quede enlazada de forma automática e mensualmente coa contabilidade SICAL.

O Concello de Moaña, como organización dedicada a prestar servizos á veciñanza e ao interese xeral, ha de adherirse aos principios de eficacia e eficiencia. Isto comporta cambios substanciais na estrutura organizativa, no xeito de entender a actividade administrativa e na xestión dos recursos humanos.

Unha xestión innovadora e avanzada en tecnoloxía de capital humano é un requisito necesario para a modernización efectiva das administracións.

Neste marco de actuación, para o Concello de Moaña, a implantación dun software especializado na Administración Local que facilite a xestión integral de Nómina e Recursos Humanos do Concello de Moaña baixo unha plataforma tecnolóxica cloud certificada ou nube que supón a celebración do contrato proposto é fundamental para aliñarse coa estratexia nacional de transformación dixital das AA.PP. e coa Axenda España Dixital 2025. A Axenda España Dixital e o plan de dixitalización das AA.PP. indican varias recomendacións dixitais que debemos cumprir entre os anos 2021 e 2025.

O primeiro dos eixes é a transformación dixital da administración pública e, entre outras medidas para alcanzala, atopase dotar ás administracións de infraestruturas tecnolóxicas dixitais necesarias para a modernización na cloud e unhas ferramentas dixitais axeitadas para garantir a seguridade e a privacidade dos datos.

Tamén é importante mellorar as competencias dixitais dos empregados e dispor dunha administración orientada á veciñanza.

A actual situación económica obriga ás administracións públicas a mellorar a eficiencia dos servizos que contratan, axustando os custos destes servizos ás necesidades reais dos





Concello de Moaña

servidores públicos, buscando permanentemente o mellor xeito de dispoñer das tecnoloxías máis novidasas e transferir os seus efectos á cidadanía, coas máximas medidas de seguridade posibles. Ante a evolución e a tendencia da tecnoloxía e o máximo aproveitamento do software, así como a posibilidade de incorporar novas funcionalidades de RRHH, faise necesaria a contratación do servizo de acceso a un software especializado na Administración Local que facilite a xestión integral de Nómina e Recursos Humanos do Concello de Moaña baixo unha plataforma tecnolóxica cloud certificada ou nube, para albergar con seguridade a base de datos dos empregados, permitindo unha mellora na accesibilidade e a dispoñibilidade do sistema.

Xunto co todo o anterior, a organización precisa realizar unha transformación dixital dentro das súas funcionalidades de RRHH, avanzando a migración técnica do ámbito do empregado.

2.- Obxecto e características do contrato:

Proponse a celebración do seguinte contrato:

1. DENOMINACIÓN	SERVIZO PARA O ACCESO A UN SOFTWARE ESPECIALIZADO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL QUE FACILITE A XESTIÓN INTEGRAL DE NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD (OU NUBE), BAIXO A MODALIDADE DE PAGO POR USO (SOFTWARE AS A SERVICE – SAAS) Denominación abreviada: SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, MANTEMENTO E SOPORTE DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE NÓMINA E RRHH A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD	
2. CODIFICACIÓN	Vocabulario común de contratos (CPV)	48000000-8 Paquetes de software e sistemas de información 79211110-0 Servizos de xestión de nóminas 72267100-0 Mantenimento de software de tecnoloxía de la información
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible: 39.764,00 € Importe IVA: 8.350,44 € Total: 48.114,44 €	
	Distribución por anualidades:	
	2024	27.064,00 € (sen IVE)- 32.747,44 € (IVE incluído)
	2025	12.700,00 € (sen IVE)- 15.367,00 € (IVE incluído)
4. VALOR ESTIMADO	TOTAL: 52.464,00 €	
4.BIS. REGULACION ARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación armonizada	
5.APLICACIÓN ORZAMENTARIA	9200 21601	
6. FINANCIACION	Cofinanciación: Si <input type="checkbox"/> Razón: _____ Cuantía: _____ No <input checked="" type="checkbox"/>	
7. PRAZO DE EXECUCIÓN	2 anos Prorrogas: Non <input type="checkbox"/> / si <input checked="" type="checkbox"/> Núm. de prorrogas: 01 (un ano de duración)	
8. PROCEDIMENTO	1. Aberto-varios criterios de adjudicación (subxectivos e obxectivos) 2. Tramitación del expediente: Ordinaria <input checked="" type="checkbox"/> / Urgente <input type="checkbox"/> 3.- Sujeto a regulación armonizada: Si <input type="checkbox"/> / No <input checked="" type="checkbox"/> 4.- Publicación Oficial: PCSP <input checked="" type="checkbox"/> / DOUE <input type="checkbox"/> 5.- Prazo presentación ofertas: Ver apartado 14 do CCC 6.- Sujeto a recurso especial en materia de contratación: Si <input type="checkbox"/> / No <input checked="" type="checkbox"/>	
9. CLASIFICACIÓN EXIXIDA	Non se esixe	
10. CLASIFICACIÓN A EFECTOS DE	NO APLICA	





Concello de Moaña

ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	
11. LUGAR DE PRESENTACIÓN OFERTAS	<i>Con carácter exclusivo e excluínte: Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP) na seguinte ligazón:</i> https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=zB%2FHGcEvB09SYrkJkLIFdw%3D%3D
12. PRAZO DE PRESENTACIÓN PROPOSICIÓN	A) Tramitación ordinaria: 15 días naturais contados desde o día seguinte a publicación do anuncio de licitación
13. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece
14. PERFIL DO CONTRATANTE	Plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % da oferta presentada paralos dous anos de duración inicial do contrato, IVE excluído. 5% de garantía complementaria para os casos de presunción de anormalidade.
16. REVISIÓN DE PREZOS	Non aplica
17 RESPONSABLE DO CONTRATO	Técnico/a de RR.HH do concello

O servizo de acceso a un software especializado na Administración Local que facilite a xestión integral de Nómina e Recursos Humanos do Concello de Moaña baixo unha plataforma tecnolóxica cloud certificada ou nube, para albergar con seguridade a base de datos dos empregados públicos, permitindo unha mellora na accesibilidade e a dispoñibilidade do sistema, nos termos indicados no informe núm. 2024-0106 da técnica de recursos humanos do servizo de Persoal deste concello do 6 de maio de 2024 (csv: 69HTT6T7WHNJ73KKKLT4Q7NAX Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>)

É obxecto deste contrato de servizo o acceso a un software de xestión de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica Cloud (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software as a service - SaaS), así como o soporte e o mantemento posterior das seguintes funcionalidades que serán explotadas polos usuarios habilitados e certificados da organización:

- Xestión de empregados
- Xestión do ciclo de nómina, seguridade social e xestión da contratación
- Enlace coa aplicación de contabilidade Sicalwin de Aytos
- Xerador de consultas e informes
- Administración de prazas e postos
- Cálculo e seguimento Presupostario Capítulo I
- Administración de prazas e postos

Forma parte do obxecto do contrato proposto a realización das seguintes prestacións:

- a) Realizar a migración técnica da base de datos dos empregados e das funcionalidades actuais da solución Ginpix7 á nova plataforma Cloud facilitada polo adxudicatario que inclúa os servizos SaaS.
- b) Realizar a implantación das funcionalidades da estrutura organizativa (RPT e plantilla) incluíndo a parametrización e a implantación do enlace á contabilidade SICAL.
- c) A formación dos usuarios do sistema proposto,





Concello de Moaña

- d) Os servizos de consultaría para a implantación do servizo e a posta en marcha das funcionalidades de nómina e recursos humanos definidas no alcance do proxecto.
- e) Os servizos asociados á plataforma tecnolóxica cloud para albergar a base de datos dos empregados.
- f) O soporte e mantemento do sistema.

O acceso á solución de Nómina e Recursos Humanos explotarase con despregamento nunha plataforma tecnolóxica cloud (nube facilitada polo adxudicatario) e dotará ao departamento de Persoal do acceso a unha solución funcional, aberta e flexible para xestionar de forma integrada toda a información manexada polo departamento, co fin de axilizar o traballo diario, asegurando o cumprimento das obrigas legais pertinentes.

A solución de software proposta debe facilitar o acceso Cloud aos usuarios de forma nominal, como tendencia estratéxica sobre a dixitalización do Concello de Moaña e facilitar tamén a accesibilidade e mobilidade (tele traballo para o equipo do departamento de Persoal) dende calquera punto con máximas garantías de seguridade.

Dentro dos servizos asociados á plataforma tecnolóxica Cloud incluíranse os seguintes:

- Garantía de acceso de usuarios os 365 días do ano e 24 horas ao día (salvo os tempos mínimos destinados ao mantemento da plataforma tecnolóxica notificados coa suficiente antelación).
- Dereito de uso e utilización do software para os usuarios cos permisos e accesos pertinentes.
- Aloxamento dos datos do Concello de Moaña na plataforma tecnolóxica Cloud.
- Servizo de actualización de versións do software realizado polo adxudicatario.
- Servizo de copias de seguridade da base de datos por parte do adxudicatario. Será necesario gardar unha copia completa anual durante os 5 anos seguintes, e poder dispoñer en calquera momento dunha copia mensual. A restauración das copias será levada a cabo polo provedor sen custe extra para o concello nun tempo máximo de 3 días hábiles.
- Servizo de soporte de atención a usuarios.
- Servizo de mantemento lexistativo, correctivo e evolutivo aplicado á xestión do ciclo de nómina e ás funcionalidades de recursos humanos indicadas neste prego.

A plataforma tecnolóxica Cloud e o software deben garantir a custodia dos datos de empregados e o cumprimento do ENS (Esquema Nacional de Seguridade) con certificación mínima a nivel medio.

A solución de software achegada debe permitir, así mesmo, incorporar de forma sinxela a implementación de novas necesidades e servizos requiridos polo Concello de Moaña, así como a xestión de novas casuísticas detectadas na organización.

A metodoloxía a empregar no servizo de implantación das áreas funcionais do contrato será a Metodoloxía de Planificación e Desenvolvemento de Sistemas de Información (METRICA) desenvolvida pola Subdirección Xeral de Coordinación Informática do Ministerio para as Administracións Públicas. O servizo deberá estar documentado en todas as súas fases seguindo a metodoloxía mencionada.

3. Duración:

O contrato terá un prazo máximo de duración de 2 anos con posibilidade de prórroga dunha anualidade.

A duración do contrato contarase a partir do día seguinte ao da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual. A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.





Concello de Moaña

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo.

4.- Análise económica: Orzamento base de licitación. Valor estimado do contrato. Sistema de determinación do prezo.

O orzamento base de licitación é o seguinte:

Proyecto acceso cloud a solución de nómina con RPT y Enlace contable	Año 1	Año 2	Prórroga 1	TOTAL
Servicios de Consultoría: implantación despliegue Cloud, configuración enlace contable e implatación y formación a usuarios sobre la RPT	14.364,00 €			14.364,00 €
Cuota de acceso anual a solución Cloud, soporte y mantenimiento	12.700,00 €	12.700,00 €	12.700,00 €	38.100,00 €
SUBTOTAL	27.064,00 €	12.700,00 €	12.700,00 €	52.464,00 €
IVA 21%	5.683,44 €	2.667,00 €	2.667,00 €	11.017,44 €
TOTAL	32.747,44 €	15.367,00 €	15.367,00 €	63.481,44 €

Para o cálculo do orzamento base de licitación tivéronse en conta os seguintes custos:

CUSTOS	IMPORTE EN EUROS, IVE excluido
Directos (64%)	25.448,96 €
Indirectos (30%)	11.929,20 €
Beneficio industrial (6%)	2.385,84 €
TOTAL	39.764,00 €

Método empregado para o seu cálculo:

A determinación do prezo efectuouse a tanto alzado de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP por non ser posible a súa descomposición.

O valor estimado do contrato incluído as posibles prórrogas previstas no contrato, ascende á contía de 52.464,00 euros.

O orzamento base de licitación ascende a 48.114,44 euros (límite máximo de gasto que pode comprometer o órgano de contratación, incluíndo o IVE pero sen considerar as prórrogas e posibles modificados).

A todos os efectos, entenderase que o dito orzamento de licitación constitúe o orzamento máximo que destinará a administración para a realización do servizo obxecto deste contrato.

O prezo do servizo virá determinado pola oferta que presenten os licitadores que consistirá nunha redución sobre o prezo anual previsto.

O servizo financiarase con fondos propios.





Concello de Moaña

Para sufragar o prezo do contrato, existe crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

Dado o seu carácter plurianual, en relación á parte para executar nos exercicios seguintes, queda sometida a condición suspensiva de crédito adecuado e suficiente para garantir as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

5.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.-

Tendo en conta as obrigas que resultan do art. 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cómpre efectuar una valoración das repercusións na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e efectos do contrato.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, no seu artigo 4.2, define como “sustentabilidade financeira” a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

A este respecto cabe sinalarse neste punto e en canto á débeda financeira, que non foi necesario formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida. En relación coa débeda comercial, os compromisos de gasto xerados por esta contratación faranse cumprindo o período medio de pago a provedores.

Por tanto, a sustentabilidade engloba as repercusións e efectos económicos que xerará o contrato proposto, tanto durante a súa execución como durante toda a vida útil da obra en base á valoración dos gastos futuros ou colaterais aos que de lugar, entendidos como tales os custos de mantemento, seguros, conservación, limpeza, etc.

A este respecto debe indicarse que o gasto previsto para a presente anualidade atópase recollido no orzamento tal e como resulta da Retención de Crédito, número operación 220240004842, efectuada en data 22 de maio de 2024

6. División en lotes:

O Art. 99 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector público, no seu apartado terceiro, recolle o seguinte:

“3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha dos seus partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.

En todo caso consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:





Concello de Moaña

a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato levase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Aos efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación da devandita circunstancia.

b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.”

Respecto a a división en lotes que establece o artigo 99 da LCSP, non procede dividir en lotes o obxecto do contrato debido a que a utilización da solución dun software de xestión de nómina e recursos humanos, implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes ao ser necesaria a autorización do provedor para a utilización do software da aplicación.

7. Responsable do Contrato:

A Técnica de RR.HH do concello asumirá as funcións correspondentes á figura de responsable do contrato.

A responsable do contrato encargarse, entre outros, da supervisión da correcta realización dos traballos e da aprobación da planificación dos mesmos, así como do seu seguimento, podendo dar instrucións ao adxudicatario para o adecuado desenvolvemento do obxecto do contrato, sempre que non se opoñan ás disposicións legais en vigor ou as cláusulas dos pregos e demais documentos contractuais

A concellería delegada de Persoal asumirá as funcións de unidade de seguimento do contrato.

8.- Análise do procedemento:

O presente contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizo, tal e como establece o artigo 18 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

No informe núm. 2024-0106 da técnica de recursos humanos do servizo de Persoal deste concello do 6 de maio de 2024 (csv: 69HTT6T7WHNJ73KKKLT4Q7NAX Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>) propónse acudir á figura prevista no artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que permite a utilización do procedemento aberto.

Xustifica esta proposta polas seguintes razóns:

- O procedemento aberto é un dos procedementos ordinarios de adxudicación dos contratos das administracións públicas (artigo 131 da LCSP).
- Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia (artigo 132 da LCSP).





Concello de Moaña

- Considérase máis adecuado o procedemento aberto por estimar conveniente que todo empresario interesado poida presentar unha proposición e quede excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156 da LCSP).

Conforme o previsto no apartado 159 da LCSP os licitadores deben acreditar a solvencia económica e financeira, así como de solvencia técnica e profesional prevista nos pregos que rexen a contratación (arts. 87 e 89 da LCSP).

Para o adxudicatario serán requiridas na solvencia técnica as seguintes certificacións:

- ENS (Esquema Nacional de Seguridade RD 3/2010 de 8 de xaneiro) categoría media,
- ISO 9001:2015 (xestión da calidade dos servizos),
- ISO 27001 (confidencialidade, integridade e dispoñibilidade da información) e
- Ser Punto PDP da Red Sara (servicios de administración electrónica na nube integrados cos servizos e aplicacións da *Secretaría General de Administración Digital* (SGAD) da Administración Xeral do Estado).

Para a empresa que se facilite para a plataforma tecnolóxica Cloud serán requiridas na solvencia técnica as seguintes certificacións:

- ISO 27001 (confidencialidade, integridade e dispoñibilidade da información)
- ISO 20000 (servicios TI realizados baixo condicións de boas prácticas, garantindo un nivel alto de calidade)
- ENS (Esquema Nacional de Seguridade RD 3/2010 de 8 de xaneiro) categoría alta.

A súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido no prego de cláusulas administrativas, e no contido no de prescricións técnicas.

As partes quedan sometidas expresamente ao establecido nese prego de cláusulas administrativas e no seu correspondente de prescricións técnicas particulares. Ambos os pregos teñen carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato.

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerese pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de Outubro (en diante, RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. A aplicación destas normas levarase a cabo en relación con todo o que non resultase afectado pola disposición derogatoria da LCSP. En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente aplicaranse en todo o que non se opoña á LCSP.

O contrato adxudicarase á proposición que oferte a mellor relación calidade-prezo na execución do contrato, avaliada mediante a aplicación dos seguintes criterios de adxudicación (100 PUNTOS):

1 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (45 PUNTOS)

1.1 CALIDADE DA PROPOSTA TÉCNICA (ATA 30 PUNTOS)

DESCRIPCIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS FUNCIONAIS E TÉCNICAS: 15 puntos





Concello de Moaña

Distribuirase a puntuación do seguinte xeito:

- Detalle do evolutivo da solución previsto para a Administración Local (melloras contrastables nos módulos definidas nas versións publicadas) dos dous anos anteriores e plan evolutivo estratéxico para o seguinte ano posterior ao comezo do contrato. 6 puntos.
- Que o sistema dispoña de accesibilidade a través de contorna de traballo web HTML5 para os usuarios previstos da organización. 4 puntos.
- Que o equipo técnico do adxudicatario teña unha experiencia demostrada en migracións de datos da solución GINPIX7 en proxectos similares de Administración Local. 3 puntos.
- Que o adxudicatario dispoña de mais de 150 administracións locais co enlace contable de Sicalwin de Aytos. 2 puntos.

CICLO DE NOMINA: 8 puntos

Distribuirase a puntuación do seguinte xeito:

- Que o sistema permita levar un control das subvencións (custo imputado e valor da subvención recibida) e a distribución de custos dos empregados. 4 puntos
- Que o sistema poida establecer ligazón coas principais contabilidades Sical de Administración Local. 4 puntos

INFORMES E CONSULTAS: 5 puntos

Distribuirase a puntuación do seguinte xeito:

- Valoración de informes estándar xustificativos do Corpo de nómina. 3 puntos
- Valoración de que os novos campos e valores definidos na xestión dos datos persoais e laborais poidan ser incluídos e consultados a través de informes. 2 puntos

CADRO DE MANDO DE RRHH: 2 puntos

Distribuirase a puntuación do seguinte xeito:

- Cadro de Mando con indicadores específicos de Administración Pública Local. 1 punto
- Cadro de mando con tecnoloxía de base de QlikView. 1 punto

1.2 PLAN DE EXECUCIÓN DO PROXECTO (ATA 10 PUNTOS)

- Metodoloxía utilizada Métrica 3 para as fases de execución: 4 puntos
- Utilización de ferramentas web colaborativas de software para facilitar a toma de requisitos e o seguimento da implantación do proxecto aos equipos: 4 puntos
- Experiencia achegada do equipo de traballo en proxectos de Administración Local por: 2 puntos

1.3 FORMACIÓN (ATA 2,5 PUNTOS)

- Dispoñer de Plataforma en liña de subscrición gratuíta de formación e cursos das distintas funcionalidades da solución para usuarios: 1 punto.
- Dispoñer de programas de formación on line gratuítos para usuarios especificamente da RPT e da extracción dos datos anuais de ISPA. 1 punto.
- Calendario anual de accións formativas dos módulos da solución a usuarios de persoal a través de programas de formación continua en liña. 0,5 puntos.

1.4 SOPORTE A USUARIOS (ATA 2,5 PUNTOS)

- Control de trazabilidade do soporte cun portal web de usuarios. 1 punto.
- Realización de enquisas periódicas a usuarios: 1 punto.
- Valoración de Soporte de consultas ilimitado para usuarios. 0,5 puntos.





Concello de Moaña

2 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES (55 PUNTOS)

2.1 PREZO OFERTADO (40 PUNTOS)

SERVIZO DE CONSULTORÍA: IMPLANTACIÓN DESPLIEGUE CLOUD, CONFIGURACIÓN ENLACE CONTABLE E IMPLANTACIÓN DA RPT E FORMACIÓN AOS USUARIOS (15 PUNTOS)

Distribuirase a puntuación da seguinte forma:

$$P = 10x \text{ (Mí/ Of)}$$

P: puntuación da oferta a considerar; Mí: oferta más baixa; Of: oferta correspondente a cada licitador.

Valorarase con 0 puntos ao licitador que non oferte baixa respecto ao prezo. Terase en conta o prezo fixado a efectos da rebaixa (14.364,00 euros de base imponible, ao que lle corresponden 3.016,44 de IVE, o que fai un total de 17.380,44 euros).

COTA DE ACCESO ANUAL A SOLUCIÓN CLOUD SOPORTE E MANTEMENTO (25 PUNTOS)

Distribuirase a puntuación da seguinte forma:

$$P = 20x \text{ (Mí/ Of)}$$

P: puntuación da oferta a considerar; Mí: oferta más baixa; Of: oferta correspondente a cada licitador.

Valorarase con 0 puntos ao licitador que non oferte baixa respecto ao prezo. Terase en conta o prezo fixado a efectos da rebaixa (12.700,00 euros de base imponible, ao que lle corresponden 2.667,00 de IVE, o que fai un total de 15.367,00 euros).

2.2.- DISPOÑIBILIDADE DE ISOS. ATA 5 PUNTOS:

Distribuirase a puntuación da seguinte forma:

- Outorgaranse 2,5 puntos ao licitador que acredite a certificación da ISO 9001:2015 para o soporte a usuarios .
- Outorgaranse 2,5 puntos ao licitador que acredite a certificación da ISO 9001:2015 para o proceso de deseño do software e implantación do servizo. Deberase acreditar estes extremos.

2.3.- OUTROS CRITERIOS, ATA 10 PUNTOS:

DISPOÑIBILIDADE DUNHA PLATAFORMA ON LINE DE XESTIÓN DE OEP QUE CUMPRE A LEI 39 DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. (5 PUNTOS)

Xustificar con Imaxes da plataforma, acceso web www. e contidos principais.

- Licitador que presente a plataforma e contidos mais completos: 5 puntos
- Licitador que presente unha plataforma e xestión de OEP on line mais básica: 2,5 puntos
- Licitador que non dispoña de plataforma OEP on line: 0 puntos

DISPOÑIBILIDADE DE PLATAFORMA ON LINE DE FORMACIÓN E CERTIFICACIÓN PARA USUARIOS. (5 PUNTOS).

Xustificar co acceso web, imaxes e cursos.

- Licitador que presente amplo proxecto de plataforma on line de formación e certificación de usuarios: 5 puntos
- Licitador que presente proxecto mais básico de plataforma on line de formación e certificación de usuarios: 2,5 puntos





Concello de Moaña

- Licitador que non dispoña de plataforma on line de formación e certificación de usuarios: 0 puntos

Antes de formalizar o contrato, o órgano de contratación poderá renunciar á celebración do mesmo, ou desistir da licitación convocada, de conformidade co establecido no artigo 152 da LCSP.

